



serafín marcos  
Camiño devesa, 21. Sta. Cristina  
15210 Noia  
Tf 655798063  
e-mail: cacofv@yahoo.es

*“cuspídeme enriba”* é un achegamento á obra de Lois Pereiro e ás súas circunstancias vitais. Un espectáculo dinámico, ameno e participativo para tódalas idades. Un ouveo que reúne o amor e maila morte. Unha ponte dende a poesía ó corpo. Un río de vida que flúe entre os asistentes e os engule. Un golpe vital antes de que este soño derradeiro se mergulle no océano da nada, no secreto pacto co silencio. Un soño que prorroga a vida, un sortilexio para saír da morte. A imaxinación mergullada nas palabras, nas accións que van na procura dun rumbo dirixido ás imaxes nun mapa do tacto, das pegadas dos sons, do ecoar de recendos. Unha pinga pendurada sobre unha illa secreta no interior do corpo. *“Unha mensaxe húmida de vida e de furia necesaria”*.

Os asistentes participan sen descanso durante 50 minutos mergullándose no mundo das verbas-imaxes de Lois Pereiro. Xa rematado o espectáculo, unha unidade didáctica lles axudará a entender, diferenciar e fixar na súa memoria os elementos expostos.

Todo elo nun espazo sen montaxes, sinxelo, limpo. Os asistentes encherémolo de movemento e vida. Cabemos todos?, entón é suficiente.

Atentamente

serafín marcos